

ORGANIZACIÓN DO MAGOSTO

A partires das 11:30 os nenos e nenas baixarán ao patio, alí se repartirá un cucurucho de castañas para cada un. O cucurucho hai que facelo na clase. Despois de comer, os rapaces e rapazas poderán desfrutar de xogos e obradoiros propios desta data. Cada etapa educativa terá o seu espazo. Infantil abranguerá o patio cuberto e o patio exterior de Infantil, e Primaria poderá desfrutar do pavillón e o patio exterior de Primaria.

A dinámica é libre, cada rapaz/a poderá escoller a que actividade quere ir e canto tempo quere facelo, sempre que non saturen os xogos e os obradoiros; se está o cupo completo, terán que ir a outra actividade e esperar a que quede oco baleiro.

Os Mestres/as terán varias labores: Uns mestres ocuparanse da organización, outros estarán ao cargo dunha actividade e outros terán que vixiar coma se dun recreo se tratase, pero colaborando na dinamización dos nenos/as, controlar o cupo das actividades, movelos etc..

As actividades terán tres responsables (rapazas e rapaces de 5º de Primaria).

A hora de finalización da actividade serán as 13:30, se tocarán dous toques de serea.

PRIMARIA:

PHOTOCALL:

- Os nenos/as poden sacar unha divertida foto do Magosto/Samaín poñendo a cara no mural que fixemos.

OBRADORIOS:

- Animais-castaña: Sen fan figuriñas de animais con castañas, plastilina e palillos.
- Cesta-castaña: Se elabora un xogo de encestar unha castaña cun rolo de papel, fío e unha castaña.
- Bufo do Outono, cunha pina e fieltro facemos un bufo.

XOGOS:

- Carreira de carolos: Se colocan dous carreiros de carolos de millo, os participantes teñen que ir buscalos un por un e cargalos no caldeiro, gaña o que os apañe antes.
- Mariolas: Pintaremos diferentes mariolas polo chan e ensinaremoslles diferentes xogos.
- Peóns: Tentaremos ensinarlles a bailar o peón e facer xogos con eles.
- Bólas: Xogaremos ao coñecido xogo do "gua".
- Diana castaña: Unha diana dun motivo de Samaín ten un burato para que metamos por el unha castaña.
- Paracaídas: Dentro do pavillón podemos xuntar ate 25 nenos/as para xogar a divertidos xogos co paraca.
- A rá: Divertirémonos tentando meter as fichas na boca da rá.

INFANTIL:

PHOTOCALL:

- Os nenos/as poden sacar unha divertida foto do Magosto/Samaín poñendo a cara no mural que fixemos.

OBRADORIOS:

- Animais-castaña: Sen fan figuriñas de animais con castañas, plastilina e palillos.
- Cesta-castaña: Se elabora un xogo de encestar unha castaña cun rolo de papel, fío e unha castaña.

XOGOS:

- Tiro castaña: Unha diana dun motivo de Samaín ten un burato para que metamos por el unha castaña.
- Mariolas: Pintaremos diferentes mariolas polo chan e ensinaremoslles diferentes xogos.
- Baile: Cun radiocasette, poremos unhas cancións de temática outonal e os rapaces bailan o baile da castaña por parellas tentando meter unha castaña entre as dúas frentes.

- Carreira de sacos: competirán nunha carreira de saltos dentro de sacos de arpillera ao modo tradicional.
- Diana castaña: Temos que lanzar a castaña e tentar alcanzar a máxima puntuación na diana que está pintada no chan.

Ademáis disto, poderemos organizar expedicións para ver como se asan castañas ao modo tradicional e que nos conten historias do Magosto por parte de Antón o director.